



Viaje al fin
del mundo

Los hijos del
trueno

Resistencia

A praia dos
afogados

Prohibido casar
papá!

Ás de
bolboreta

Maldita
adolescente

El mundo
del fin
del mundo

O vello
e o mar

Rosa Aneiros: Resistencia. Xerais. 2002

Esta periodista e escritora galega recrea unha historia de liberdade e o amor inspirada nunhas cartas que ela mesma descubriu no antigo cárcere de Peniche , en Portugal.

Mankel:: Viaje al fin del mundo. Siruela. 2008

Con este título recóllense as catro novelas da tetraloxía: El perro que corría hacia una estrella, Las sombras nacen al atardecer, El niño que dormía con nieve en la cama e Viaje al fin del mundo . O protagonista, Joel, vive só co seu pai nun pobo do norte de Suecia. A través das súas aventuras vai avanzando cara a idade adulta.

Fina Casallerrey: Prohibido casar, papá! Galaxia. 2006

A complexidade das relacións familiares tratada con humor. A filla dun home viúvo non quere que o seu pai volva namorar e menos dunha muller cun fillo da súa idade..

Domingo Villar: A praia dos afogados. Galaxia.2009.

O protagonista da serie é un detective moito máis próximo a nós que os de CSI. Vive en Vigo, colabora nun programa de radio, acompaña, cando pode, a seu pai viúvo e o seu compañeiro de traballo é un aragonés, que aínda non entende a idiosincrasia galega. Moi entretido.

Luís Sepúlveda: El mundo del fin del mundo. Tusquets. 2000.

Para os que aman a natureza e o compromiso un libro que tamén é aventura e viaxe. Nas rexións austrais do globo, un periodista, membro de Greenpeace, intentará loitar contra os piratas que arrasan a fauna marítima da zona.

Rosa Aneiros: Ás de bolboreta. Xerais. 2009

Repetimos autora e non só porque foi premio de Literatura Xuvenil. O “Luzada” é como unha estación de metro, todo o mundo pasa por alí e todos teñen unha historia detrás: simples, complexas, solitarias, compartidas, vellas, novas... O mundo metido na cafetería de Patricia!

Fernando Lalana: Los hijos del trueno. Alfaguara. 2004.

Un autor clásico da literatura xuvenil. Nesta ocasión o goberno quere acabar co fracaso escolar e con ese fin crea os Institutos Remanentes. Esta é a divertida historia do Instituto Remanente Nº 1 "Capitán Trueno".

María Méndez-Ponte Cruzat: Maldita adolescente S.M. 2001 e El poso amargo del café S.M. 2006.

Algunhas alumnas de segundo aseguráronnos que vos podíades sentir moi identificados con estas historias que reflicten problemas, sobre todo de tipo “afectivo”, entre xoves.

E para os que vos guste pescar ou simplemente sentir como se pode loitar “ a morte” por algo, un prodixio de narración do escritor **Ernest Hemingway: O vello e o mar.** Unha vantaxe dos clásicos é que podedes lela en castelán, galego, inglés, francés, moldavo... como queirades!